



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1416 /1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13 DE ABRIL DE 2023.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 5 de abril de 2023.

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- 2.- Expediente de contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware de almacenamento e arquivado corporativos do Concello de Vigo. Expte. 9987/113.

ALCALDÍA

- 3.- Proposta de aprobación da Planificación Estratéxica en materia de comunicación e publicidade do Concello de Vigo. Liñas básicas de actuación. 2023-2025. Expte. 19581/101.

BENESTAR SOCIAL

- 4.- Proxecto de convenio de colaboración coas entidades sociais "Alborada", "Amaina" e "Érguete" para o desenvolvemento do programa de prevención das drogodependencias e outras condutas adictivas 2023. Expte. 248919/301.

CONTRATACIÓN

- 5.- Adxudicación da contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios. Expte. 9901/113.
- 6.- Desestimación do recurso de alzada interposto no procedemento para contratación do subministro de diverso material consumible informático. Expte. 10018/113.

DEPORTES

- 7.- Subvención nominativa mediante convenio coa entidade Coruxo C.F. en base ao desenvolvemento do seu proxecto xeral na tempada deportiva 2022-2023. Expte. 22439/333.
- 8.- Expediente de contratación para o subministro de medallas e trofeos no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo. Expte. 22448/333.

EMPREGO

- 9.- Reintegro parcial da Axuda Municipal á Contratación 2021 concedida á empresa Blázquez Astorga SLP. Expte. 19921/77.
- 10.- Reintegro total da Axuda Municipal á Contratación 2022 concedida á empresa Colchonería Marco SL. Expte. 19923/77.
- 11.- Corrección de erro material do “Convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para o desenvolvemento da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech 2023”. Expte. 19927/77.

IGUALDADE

- 12.- Bases reguladoras e convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual. Expte. 12101/224.
- 13.- Prórroga temporal na cesión da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7. Expte. 11672/224.

SECRETARÍA XERAL

- 14.- Proposta de provisión do posto de traballo de xefatura do departamento administrativo de Alcaldía. Expte. 1713/110.

SERVIZOS XERAIS

- 15.- Aprobación do modificado nº 1 do proxecto de obras “Rehabilitación integral de edificación para centro de formación, Rúa Alta nº 23”. Expte. 803/441.
- 16.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **13 de abril de 2023, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. 1416 /1102

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/if-me

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez